



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 207

Volume XLII

marzo-abril 2018

Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

Acompañamento espiritual e psicanálise
por Carlos Domínguez Morano 5

Acompañamento espiritual. Vida, tradición e teoloxía
por Pilar Wirtz Molezún 19

Unha faísca de luz para pintar amenceres
por Fina Casalderrey 38

Achegas

Acompañar as crises na parella: mirando a persoas, non a categorías
por Pablo Guerrero Rodríguez S. J. 61

Como me doe a alma: estou chorando por unha muller
por Xaquín Campo Freire 69

Monte Horeb. Unha experiencia de acompañamento
por Xan Baliñas Vidal 75

A urxencia dunha conversión parroquial en Galicia
por José Manuel Caamaño López 78

Entrevista

Entrevista a Alessandro Forina e Ernesto G. Maleno
por José María Barca López e Marisa Vidal Collazo 83

Crónica

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 96



Recensións

María de Magdala. Unha xenealoxía apostólica
por Carmen Picó Guzmán 110

Lisboa e o mal. Notas
por Tito Suárez Pérez 115

Amigos sempre
por Pedro J. Rovira Magariños 118

Ilustracións

por Soedade Pite 25, 45





O 17 de xaneiro de 2018 a primeira ministra británica, Theresa May, anunciou a creación dun Ministerio da Soidade (*Minister for Loneliness*). Estímase que no Reino Unido uns nove millóns de persoas —case que un 14 % da poboación— está afectada por este mal.

Non deixa de ser paradoxal que tal reacción governamental se produza na era da hiperconexión social. Non hai casa (nas grandes cidades, polo menos) sen televisión, radio, tabletas, móbiles, portátiles, internet, etc., pero enfermamos de soidade.

E non só as persoas maiores. Malia que elas son as principalmente afectadas. Eses anciáns e anciás que pasan días sen falaren con ninguén e apenas saen da casa.

Tamén a xente nova amosa síntomas preocupantes de illamento e introversión.

As redes sociais serán hoxe a nova realidade, pero está visto que a nosa natureza humana precisa doutro tipo de relacións que parecen ir esmorecendo.

Encrucillada propón neste número reflexionar sobre o acompañamento.

O cristianismo introduce á xente nunha dinámica de relacións que, como mínimo, toma forma nas comunidades parroquiais. Pero tamén pode traducirse en camiños persoais máis singulares que precisan dunha atención especial.

Carlos Domínguez Morano ofrécenos un primeiro estudo que enmarca a problemática relacionando e distinguindo o acompañamento espiritual e a terapia psicolóxica, particularmente, psicanalítica.

Pilar Wirtz Molezún reflexiona, dun xeito máis vivencial e teolóxico, sobre a súa persoal experiencia de acompañamento persoal e espiritual cristalizada ao longo de varias décadas de frutífera praxe.

Pablo Guerrero Rodríguez ofrécenos unha achega que reflicte o seu saber sobre o acompañamento de parellas no eido da pastoral familiar. Pastoral especialmente significativa logo da *Amoris Laetitia*.

Xaquín Campo Freire, cunha emocionada redacción, deixa agromar os acedos momentos que implica o labor de acompañamento que está a realizar nos cárceres no marco da pastoral penitenciaria.

Xan Baliñas Vidal achéganos a súa experiencia no grupo xuvenil de pastoral «Monte Horeb». Interesante experiencia de acompañamento que debe ser continuada.

Xosé Manuel Caamaño pide unha seria reflexión sobre a realidade parroquial á luz dunha innegable diagnose que constata o seu gravísimo deterioro que, porén, está chamado a unha fonda conversión á luz do que o propio Papa Francisco está a dicir sobre a reforma da Igrexa.

Como exclusiva de *Encrucillada* publicamos tamén unha entrevista a Alessandro Forina e Ernesto G. Malenoe que pon sobre a mesa o horrible illamento e abandono por parte das autoridades políticas que están a sufrir as persoas migrantes que se achegan ás costas de Europa polo mar mediterráneo. Hai experiencias de acompañamento e acollida, pero o feito xeral é un vergoñento peche de fronteiras.

Neste número incluímos tamén un artigo que celebra á autora que este ano é homenaxeada no Día das Letras Galegas. Fina Casalderrei achéganos á figura de María Victoria Moreno. Esa escritora galega, nacida en Estremadura, mestra de vocación, amante da palabra e dos animais, dotada dunha especial sensibilidade para facer literatura coa sinxeleza e humildade da vida cotiá. Coma quen non fai nada. O debuxo de Soedade Pite, na páxina 45 deste número, plasma nunha imaxe xenial o cerne do seu estilo literario.

Unha ben nutrida crónica de Igrexa e algunhas recensións, xunto con outros debuxos de Soedade Pite, completan un número que desexamos sexa do voso proveito.

Pedro Castelao

